



COORDINADORA
GALEGA DE ONG
para o Desenvolvemento



memoria de
ACTIVIDADES
2019

Memoria de Actividades 2016 da Coordinadora Galega de ONGD

EDITA

Coordinadora Galega de ONGD

Rúa Basquiños 33, 1º A – 15704 Compostela

www.galiciasolidaria.org

REDACCIÓN

Coordinadora Galega de ONGD

DESEÑO E MAQUETACIÓN

conxenia.gal

FOTO DE PORTADA

Pablo Santiago

Algunhas das actividades organizadas e desenvolvidas pola Coordinadora e das que se dan conta nesta Memoria de actividades contaron co apoio financeiro da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE), o Concello de Santiago de Compostela e a Deputación de Pontevedra.

ÍNDICE

04	•	QUEN SOMOS E COMO NOS ORGANIZAMOS
08	•	VOCES DO SUR
13	•	DENUNCIA E SENSIBILIZACIÓN
21	•	PARTICIPACIÓN E TRABALLO EN REDE
26	•	INCIDENCIA POLÍTICA
33	•	XORNADAS E FORMACIÓNS
36	•	COMUNICANDO
42	•	TRANSPARENCIA

QUEN SOMOS E COMO NOS ORGANIZAMOS

ONGD socias

A Coordinadora Galega de ONGD cumpríu 28 anos en 2019. Hoxe está conformada por 47 as ONGD socias.

A Asemblea Xeral da Coordinadora, onde están representadas todas as ONGD socias, celebrouse o 4 de maio de 2019. Na Asemblea incorporáronse dúas novas organizacións: a ONGD Sólida e a Fundación Vicente Ferrer. Por outra banda, fíxose efectiva a solicitude de baixa de Paz y Solidaridad.





Equipo de goberno

En 2019, mantívose a Xunta Directiva elixida en 2017, o órgano de representación e toma de decisións da Coordinadora formada por representantes das ONGD membro.



NOME	CARGO	ONGD REPRESENTANTE
Alejandro Quiñoá Casteleiro	Presidencia	Asemblea de Cooperación pola Paz
Gema Filgueira Garrido	Vicepresidencia	Médicos do Mundo
Ángel Bañobre González	Tesourería	Fundación Fabre
María Paz Gutiérrez	Secretaría	Solidariedade Internacional de Galicia
Laura Casal Guillán	Vogalía	Amigos da Terra
Lorena Seijo Sanmiguel	Vogalía	Asociación Galega de Reporteiros Solidarios
Patxi Durán Hurtado	Vogalía	Ecos do Sur
Maika Beltrán Moreira	Vogalía	Oxfam Intermon



Comisións e grupos de traballo

Os grupos e as comisións de traballo son unha das canles de participación directa máis importantes da Coordinadora. Neles, as organizacións integradas e non integradas (e mesmo persoas a título individual) intercambian experiencias, saberes, reflexionan, chegan a acordos e impulsan iniciativas sobre os principais temas que afectan á axenda da Coordinadora e que permiten o cumprimento do Plan Estratéxico.

Actualmente existen tres comisións que traballan sobre temáticas concretas (educación para o desenvolvemento; incidencia política; e normativa e código de conduta) e tres grupos de traballo territoriais en Coruña (grupo Norte), en Vigo (grupo Sur) e en Lugo que teñen o obxectivo de descentralizar o traballo da Coordinadora, que ten a súa sede en Compostela, e potenciar o traballo conxunto entre as ONGD locais na organización de actividades e na incidencia política.

Equipo técnico

A Coordinadora tamén conta cunha equipo técnico formado por tres persoas contratadas dende hai máis de 9 anos que traballan nas áreas de administración; de comunicación externa e sensibilización; e de xestión de proxectos. Tamén conta cunha persoa responsable da limpeza.



Representantes da Xunta Directiva e da Secretaría Técnica da Coordinadora

VOCES DO SUR

Promovemos a presenza en Galicia de activistas e persoas representantes de colectivos e organizacións do Sur para que expliquen de primeira man a realidade dos seus países e as súas estratexia de loita na defensa dos dereitos humanos. En 2019 organizamos distintas actividades.

Defensoras de dereitos

En novembro, e xunto á Deputación de Pontevedra, organizamos 'Defensoras de Dereitos', un ciclo de charlas xunto a defensoras de dereitos humanos de Colombia, Nicaragua e Ga-

licia. Organizáronse 4 charlas en Vilagarcía de Arousa, Redondela, Bueu e Cuntis nas que participaron máis de 90 persoas.

A persecución contra organizacións e persoas defensoras de dereitos humanos aumentou de forma exponencial en todo o mundo, segundo a organización Front Line Defender. As mulleres defensoras de dereitos humanos, ademais de ser obxecto das mesmas ameazas que os homes, sofren violencia de xénero (violencia sexual, desprestixio, exclusión de cargos públicos...) por parte de actores estatais e non estatais, así como dentro dos propios movementos de dereitos humanos.

Para dar a coñecer as causas e consecuencias globais que están a provocar esta situación e visibilizar exemplos de resistencia as 4 char-

Defensoras de DEREITOS.

Vilagarcía de Arousa 19 de novembro Redondela 20 de novembro Bueu 21 de novembro Cuntis 22 de novembro

CHARLAS

(A loita comunitaria das mulleres en Colombia e Nicaragua.)

(Violencias sexuais: da denuncia individual á acción colectiva.)

(A resistencia de Nicaragua dende o exilio.)



las centráronse en tres cuestións: A loita comunitaria das mulleres en Nicaragua e Colombia; Violencias sexuais: da denuncia individual á acción colectiva; e A resistencia de Nicaragua dende o exilio. Para iso contou coa participación das seguintes activistas:

Alicia Valencia Cuetia. Defensora dos dereitos humanos en Colombia e orixinaria de Nasa, ao norte do Cauca colombiano. Desde moi nova é membro da Asociación de Cabildos Indígenas del Norte del Cauca (ACIN) e da Guardia Indígena. Foi autoridade indíxena do territorio de Corinto e Coordinadora do programa Mujer. No momento de participar no proxecto atopábase participando no Programa Catalán de Protección para defensoras e defensores de Dereitos Humanos.

Georgina de los Angeles Molina Rivera. Activista feminista defensora de dereitos humanos en Nicaragua. Psicóloga especialista en tratamento e acompañamento de agresións e abusos sexuais con doce anos de experiencia de traballo con distintos colectivos do país. Fuxiu de Nicaragua como consecuencia da violencia e a represión do goberno de Daniel Ortega contra a sociedade civil organizada. No momento de participar no proxecto era solicitante de asilo político no Estado español.

Tamara Iyas Morales Orozco. Xornalista nicaraguana con máis de 15 anos de experiencia e defensora de dereitos humanos afincada en

Galicia dende hai 12 anos. Membro a plataforma Sos Nicaragua España como parte da súa resistencia fronte as graves violacións de dereitos humanos cometidos polo goberno de Daniel Ortega no país centroamericano.

A loita comunitaria das mulleres en Colombia e Nicaragua.

Georgina de los Angeles Molina Rivera
Activista feminista defensora de dereitos humanos en Nicaragua.

Alicia Valencia Cuetia
Defensora de dereitos humanos en Colombia.

Vilagarcía de Arousa
19 de novembro // 19.00 h
Salón García, Rúa do Alcalde Rey Davila

Redondela
20 de novembro // 19.00 h
Casa da Cultura, Praza Figueras, 3
(enfrente ao edificio do Concello)

Violencias sexuais: da denuncia individual á acción colectiva.

Georgina de los Angeles Molina Rivera
Activista feminista defensora de dereitos humanos en Nicaragua.

Lola Ferreiro Díaz
Activista feminista galega.

Bueu
21 de novembro // 19.00 h
Sala Amalia Domínguez Búa, Eduardo Vincenti, 2

Defensoras de DEREITOS.

A resistencia de Nicaragua dende o exilio.

Georgina de los Angeles Molina Rivera
Activista feminista defensora de dereitos humanos en Nicaragua.

Tamara Iyas Morales Orozco
Periodista nicaragüense con máis de 15 anos de experiencia e defensora de dereitos humanos.

Cuntis
22 de novembro // 19.00 h
Biblioteca Municipal Roberto Blanco Torres
Praza das Arbores, 1

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

COORDINADORA GALEGA DE ONG para o desenvolvemento

DH!

romper el silencio.

Lola Ferreiro Díaz. Activista feminista galega. Doutora en Medicina e experta en saúde mental e xénero e en violencias machistas. Experiencia en traballo con mulleres e adolescentes en situación de maltrato. Profesora do Posgrao de Xénero da UVIGO. Coordinadora do grupo Lúa Crecente, de investigación de deseño de programas de Saúde e Xénero.

Defensoras
de _____
DEREITOS.

Defensoras
de _____
DEREITOS.

Defensoras
de _____
DEREITOS.



O movemento LGTBI no Salvador

No marco do programa Compostela + Solidaria o 12 de abril organizouse a charla 'O movemento LGTBI no Salvador: experiencias dende unha perspectiva trans e feministas' que con-

tou con Bianka Gabriela Rodríguez, activista trans defensora dos dereitos humanos e actual presidenta e directora executiva de COMCAVIS TRANS. Na charla, na que participaron máis de 40 persas, Rodríguez falou da súa experiencia persoal e de traballo nas organizacións de defensa dos dereitos das persoas LGTBI+ no país centroamericano.



O movemento LGTBI no Salvador:
experiencias dende unha perspectiva trans
e feminista

Charla e debate con

Bianka Gabriela Rodríguez

Activista trans, defensora de dereitos
humanos e presidenta de COMCAVIS
TRANS do Salvador

**LIBRARÍA
LILA DE LILITH**


RUA TRAVESA, 7. COMPOSTELA

12 DE ABRIL

19 HORAS

Cineforum e proxección do documental 'Exiliada'

O cinema Numax de Compostela acolleu o 16 de novembro a proxección de Exiliada, un documental da nicaraguana Leonor Zúñiga que narra a historia de Zoilamérica quen, en 1998, denunciou por agresión sexual ao seu padraastro, o actual presidente de Nicaragua, Daniel Ortega. Ao longo da curta, Zúñiga, fai paralelismo entre o abuso sexual e o abuso de poder político de Ortega e explora o rol das familias nos casos de agresións sexuais. Despois da proxección da curta houbo un coloquio coa directora da cinta acompañada de María Fernanda Carrero, exiliada, música e activista feminista; e María Paz Guitiérrez, directora da ONGD Solidariedade Internacional de Galicia. A conversa foi moderada por Tamara Morales, periodista nicaraguana.



GALICIA

CINEFORUM:
PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL «EXILIADA»

«Dirixida e protagonizada por mulleres.
Cuestionando a historia "oficial" de Nicaragua».

CONVERSATORIO:

Leonor Zúñiga, directora do film
María Fernanda Carrero, exiliada, música
e activista feminista
María Paz, Solidariedade Internacional de Galicia

Moderación: Tamara Morales Orozco,
xornalista nicaraguana

SÁBADO 16 DO NOVIEMBRE // 12:00 - 14:00

Cidade: Santiago de Compostela
Lugar: NUMAX
Enderezo: Concepción Arenal, 9 - Baixo



DENUNCIA E SENSIBILIZACIÓN

Ao longo do ano, a Coordinadora impulsou e participou en actividades de denuncia e sensibilización dirixidas á cidadanía galega. Achegouse información e organizáronse actividades co obxectivo de concienciar sobre as causas e consecuencias das desigualdades e a pobreza no mundo; denunciar a quen é responsable destas inxustizas; e dar a coñecer posibles alternativas para o cambio. Estas actividades enmárcanse na liña de traballo de Educación para a Cidadanía Global que busca promover a reflexión crítica e a implicación colectiva cara ao cambio e a transformación social.

Compostela + Solidaria

Por cuarto ano consecutivo puxemos en marcha xunto ao Concello de Santiago unha nova edición de Compostela + Solidaria, un programa de sensibilización que se levou a cabo do 2 ao 13 de abril en distintos espazos da cidade e que contou con obradoiros, charlas, unha mostra de curtas sociais, xogos, actividades de rúa, contacontos, etc. Todas, actividades coa que a cidadanía compostelá tivo a oportunidade de coñecer de que forma se pode 'mudar o mundo' dende o día a día. Tamén, de divertirse e coñecer a realidade dos países empobrecidos, o traballo das ONGD galegas e as alternativas

solidarias e xustas que, dende o ámbito local, contribúen a cambiar a realidade global.

Unha das actividades centrais desta edición foi a Mostra de curtametraxes sociais no Cinema Númax. Por segundo ano consecutivo organizamos conxuntamente unha sesión de curtas sociais de directores e directoras de distintos países nos que se abordan temáticas arredor



do dereito a migrar, á educación de calidade e a vivir sen violencia. As curtas que se proxectaron tiñan como escenario Guatemala, Gaza, Calais e Kobani.

Como en edicións anteriores, as actividades programadas contaron coa participación das ONGD galegas e de diversos colectivos como a plataforma 'Galiza, un futuro sen carbón', as cooperativa Cousas da Terra e Nosa Enerxía, unha representación galega de gastrobloguers e o selo 'Pastores de Galicia'. Por outra banda, ademais dos Centros Socioculturais da cidade, este ano abrirán as portas ao Compostela + Solidaria o Mercado de Abastos, a Zona C, a Biblioteca Ánxel Casal e a Librería Lila de Lilith.

A edición inaugurouse cunha xuntanza do Consello Municipal de Cooperación do Concello de Santiago, un espazo de participación cidadá que conta con representantes dos distintos grupos municipais e de axentes de coo-

peración. Na xuntanza, nove ONGD presentaron os resultados dos 12 proxectos financiados polo Concello de Santiago en 2017 e 2018, a través da convocatoria de concorrencia competitiva, en países como Guatemala, Nicaragua, O Salvador e a India. Na sesión rendeuse contas do traballo feito e visibilizouse as realidades dos países empobrecidos nos que se levaron a cabo os proxectos.



Do 2 ao 13 de abril de 2019

COMPOSTELA + solidaria

ACTIVIDADES



Comercio xusto e consumo responsable

Comercio con sentido

Do 24 o 28 de novembro, Nigrán, Marín e Combarro acolleron actividades de difusión do comercio xusto. As distintas actividades enmarcáronse no proxecto impulsado xunto á Deputación de Pontevedra 'Defensoras de dereitos'. Ao longo dunha semana programáronse 12 actividades nestes concellos nas que participaron 450 persoas, a maioría alumnado de distintos centros educativos das tres vilas. Programáronse tres tipos de actividades:

Feiras de Comercio con Sentido. Espazos ao aire libre con información sobre a orixe de produtos, a súa produción, comercialización, características e variedades así coma os problemas que afrontan as persoas produtoras.

Obradoiro infantil 'Coñecendo o comercio xusto a través da cociña'. Dirixido a nenos e nenas de entre 5 e 12 anos que a través da cociña se achegaron de forma lúdica ao mundo do comercio xusto e aos alimentos ecolóxicos.

Showcooking 'Cociñando con Comercio Xusto'. Sesión dinamizada por unha gastrobloguer na



que se elaboraron receitas con produtos ecolóxicos e de comercio xusto para abordar o valor social, ambiental e culinario deste tipo de produtos e a súa importancia na procura de mellores condicións para as persoas produtoras. Con estas actividades quíxose sensibilizar so-

bre o consumo responsable, dar a coñecer as consecuencias sociais e ambientais do actual modelo de consumo e promover alternativas vinculadas ao consumo responsable e ao comercio xusto.

COMERCIO (con sentido)

NIGRÁN. MARÍN. COMBARRO.



Regala consumo responsable!

Como en anteriores ocasións difundimos unha pequena campaña online a través da web e as redes sociais para promover o consumo responsable coincidindo coas datas de Nadal. Ofrecimos información de produtos que cumpren cos criterios de sosibilidade, xustiza, defensa de dereitos humanos etc. en produtos como xoguetes, alimentación, roupa, electrónica... A proposta tivo moi boa acollida tanto nas redes como no acceso á web.



Campaña #ElOdioNoEsInocente

En xuño lanzamos xunto a 12 organizacións a campaña #ElOdioNoEsInocente coa vontade de contribuír a frear os discursos de odio. A iniciativa xurdiu da Coordinadora de ONGD - España e organizacións como CEAR e Oxfam. Coa campaña, que non se identificaba con ningunha organización, fíxose un chamamento ás autoridades para que actúen eficazmente fronte a estes discursos; chamouse á responsabilidade de grupos políticos, medios de comunicación e cidadanía para que non alimenten este tipo de mensaxes; concienciouse sobre o impacto negativo que estes discursos teñen sobre a vida das persoas; e fomentáronse modelos de sociedade inclusivos e tolerantes. Difundiuse a través das redes sociais e dos contactos das organizacións participantes.



Folga feminista 8 de marzo

O 8 de marzo, e por segundo ano consecutivo, a asemblea aberta Galegas 8M, formada por colectivo feministas de toda Galicia, sumouse á folga de mulleres convocada “para reclamar un mundo diferente no que o dereito das mulleres a vivir unha vida digna se coloque no centro da axenda política, económica, social, educativa”. E fixo un chamamento ás mulleres para que se sumaran á folga de coidados, laboral, de consumo e estudantil durante 24 horas.

Dende a Coordinadora Galega de ONGD sumámonos ao paro laboral e difundimos as demandas globais que se fixeron no marchado da folga feminista.



Folga polo Clima

O 27 de setembro celebrouse a primeira Folga Mundial polo Clima. En Galicia, a plataforma Movemento Galego polo Clima impulsou a convocatoria e fomos máis de 50 colectivos quen asinamos un manifesto que tiña por obxectivo esixir aos gobernos medidas efectivas ante a emerxencia climática.

Dende a Coordinadora sumámonos ás mobilizacións convocadas en todo o mundo para frear a crise climática. Do 20 ao 27 de setembro tiveron lugar numerosas accións en multitude de municipios de todo o Estado que culminaron en mobilizacións masivas en todo o mundo o 27 de setembro.



Conta contos infantil

A través do Grupo Sur da Coordinadora colabórouse coa iniciativa Impórtanos, unha campaña de sensibilización que agrupa a entidades da Rede Social Galicia Sur. De forma colectiva, puxemos en marcha unha iniciativa vinculada cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible a través de 'Pegadas de conto, unha sesión de contacontos que se levou a cabo en centros educativos de Vigo.



PARTICIPACIÓN E TRABALLO EN REDE

Unha das liñas estratéxicas da Coordinadora é a de potenciar e afianzar alianzas con organizacións e colectivos cos que compartimos o obxectivo de transformar a realidade a través da loita contra a pobreza e as desigualdades, a promoción da xustiza social, a defensa dos dereitos humanos e o coidado do medio e entre as persoas. Tamén participamos en espazos de representación do sector e en encontros, xornadas e formacións ás que fomos convidadas para tomar a palabra e contar quen somos e que facemos como plataforma de representación das ONGD.

En 2019 formamos parte dos seguintes espazos de traballo:

Coordinadora Estatal de ONGD

Rede de Coordinadoras Autonómicas

A Coordinadora Galega de ONGD é, dende 2013, voceira da Rede de Coordinadoras Autonómicas. A Rede é un órgano propio que forma parte da Coordinadora Estatal de ONGD e conta con representantes das 17 Coordinadoras Autonómicas de todo o Estado. A Rede é un espazo para a incidencia política conxunta no eido da cooperación descentralizada e tamén para o intercambio de experiencias e boas prácticas

dos distintos territorios. Organízanse reunións trimestrais e un encontro anual de tres días que, en 2019, tivo lugar en novembro en Madrid.

Equipo Directivo

A Coordinadora Galega de ONGD, a través da vicepresidenta Gema Filgueira, ocupa o posto da Vicepresidencia Primeira do Equipo Directivo da Coordinadora Estatal de ONGD en representación da Rede de Coordinadoras Autonómicas. Ao longo de 2019, participamos en 11 reunións convocadas para a toma de decisións, planificación do traballo e posta en marcha de novas actividades e campañas.



COORDINADORA
ONG PARA EL DESARROLLO
ESPAÑA

Epazos de participación

Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento (CONGACODE)

O CONGACODE é o órgano de consulta e participación da sociedade galega en materia de cooperación para o desenvolvemento. Está formado por representantes da Xunta de Galicia, da administración local galega e do resto dos axentes galegos de cooperación. En 2019, o CONGACODE convocouse en dúas ocasións nas que participaron ás 5 persoas representantes das ONGD galegas: en xaneiro, para a votación do Plan Anual da Cooperación Galega 2019; e, en novembro, para a votación do Plan Anual 2020 e o anteproxecto de Lei reguladora

da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia. En todas as votacións, as persoas representantes da Coordinadora votaron a favor.

Grupo de traballo de Educación para o Desenvolvemento do CONGACODE

En 2019 a Xunta de Galicia convocou nunha ocasión o Grupo de traballo de Educación para o Desenvolvemento do CONGACODE que se puxo en marcha en 2018 e que se constituíu coma un espazo de traballo con axentes educativos. Neste espazo, a Coordinadora conta con dúas persoas representantes. O obxectivo do grupo é darlle seguimento á execución da Estratexia Galega de Educación para o Desenvolvemento e coordinar o traballo dos distintos axentes.



Consello de Acción Voluntaria

O Consello Galego de Acción Voluntaria é o máximo órgano de participación, coordinación, asesoramento e consulta en materia de acción voluntaria. A Coordinadora participa como representante das ONG de Desenvolvemento. En 2019, participamos nunha reunión.

Consello de Acción Exterior de Galicia

O Consello de Acción Exterior de Galicia é o órgano asesor do executivo galego naqueles asuntos relacionados coas actuacións no estranxeiro. A Coordinadora Galega de ONGD participa como representante das organizacións de desenvolvemento galegas. En 2019

convocouse nunha ocasión para a aprobación do anteproxecto de Lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia.



Participación en xornadas e cursos externos

Premio Galego de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

Solidariedade Internacional Galicia organizou en marzo un espazo de traballo con ONGD e profesorado, entre os cales a Coordinadora, arredor da posible organización dun Premio Galego de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global dirixido aos Centros de Educación formal de Galicia.

Ciclo formativo Ciberrespect

En abril, dúas das persoas do equipo técnico da Coordinadora participaron nun espazo de re-

flexión sobre discursos de odio que organizou Ecos do Sur e que impartiu o Institut de Drets Humans de Catalunya, SOS Racisme Catalunya e United Explanations.

Mostra do Posible

Como en anos anteriores participamos no encontro Mostra do Posible que se celebrou en Cangas en outubro. Estivemos presentes a través do "Roteiro do Posible", un espazo de exposición de iniciativas sociais para motivar á reflexión e coñecemento das persoas visitantes e participantes no encontro.

Igalia

A principios de ano contactou coa Coordinadora Igalia, unha empresa de software libre con sede en Galicia. Dende hai anos teñen en marcha unha liña de axudas a ONG que se sustenta coa doazón do 0,7% anual da súa facturación.



Dende Igalia solicitaron asesoramento para mellorar o proceso de avaliación e escolla das iniciativas financiadas. Para iso, tivéronse varias xuntanzas e, finalmente, participamos en Lugo no encontro anual da empresa presentando unha serie de reflexións e recomendacións para asegurar uns estándares de calidade para os proxectos financiados.

Foro da Cooperación Municipalista na Lusofonía

En novembro, unha persoa representante da Xunta Directiva participou na mesa sobre 'Experiencias da cooperación galega con países de lingua oficial portuguesa'. Compartiu a experiencia de traballo das ONGD galegas en países como Angola, Mozambique ou Cabo Verde, os nosos puntos fortes para apoiar procesos de desenvolvemento nestes territorios e as perspectivas de futuro.



VIII Congreso Universidade e Cooperación

En novembro, representantes da Coordinadora participamos no Comité de persoas expertas do VIII Congreso Universidade e Cooperación organizado pola Universidade Santiago. Entre outras funcións, revisaron parte dos artigos e posters presentados.

Foro pola Economía Social Galega

Persoas representantes do grupo de traballo de Comercio Xusto participaron nunha publicación elaborada polo Foro pola Economía Social Galega poñendo en valor a aposta polo comercio xusto como unha das liñas de traballo no marco da economía social e solidaria.

Ao longo do ano colaboramos con outros colectivos como o Movemento Galego polo Clima, o cinema Númax, a Librería Lila de Lilith, a plataforma 'Galiza, un futuro sen carbón', as cooperativa Cousas da Terra e Nosa Enerxía, o selo 'Pastores de Galicia' e CEAR Catalunya.

Foro pola Economía Social Galega



INCIDENCIA POLÍTICA

A incidencia política persegue a transformación das políticas municipais, nacionais e internacionais co obxectivo de conseguir unha maior xustiza social global. As accións que se levan a cabo neste ámbito intentan influír nos organismos e nas persoas que dende distintos ámbitos toman decisións que afectan ao benestar de todas as persoas e o medio. Tamén, busca a mobilización e a implicación da cidadanía nos procesos de cambio social.

Xunta de Galicia

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia

A Cooperación Galega, o nome que recibe a política pública de cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia, xestiónase dende a Dirección Xeral de Relacións Exteriores (DXRREE) e coa UE, o departamento do goberno con competencias e orzamento sobre esta cuestión dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia. A Coordinadora fai nela especial incidencia coa vontade de mellorar a política autonómica de cooperación.

Ao longo de 2019, reunímonos cos seus representantes en diferentes ocasións:

- Co Vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, na que fixemos re-

paso dos compromisos do IV Plan Director da Cooperación Galega, a nova Lei de Acción Exterior e o papel das defensoras de deritos humanos.

- Con motivo da sinatura do convenio anual coa Coordinadora Galega de ONGD
- Coas persoas responsables da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e a Subdirección Xeral de Cooperación, en diversas ocasións. Tratáronse cuestións vinculadas coa AOD galega, as bases das convocatorias, novidades nos Plans de traballo anuais, etc. E tamén sobre a viaxe de parlamentarias a Guatemala; para presentar o Informe 2018 do traballo das ONGD galegas no mundo e sobre os avances do anteproxecto de Lei de Acción Exterior de Galicia.



Lei de Acción Exterior

En 2019 a Xunta de Galicia impulsou un anteproxecto de Lei de acción exterior que por primeira vez recollía á cooperación ao desenvolvemento nunha mesma norma. Tratábase da primeira lei deste tipo desenvolvida por unha Comunidade Autónoma. A nova norma suporía a derogación da Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento.

Neste sentido, a Coordinadora participou activamente do proceso de achegas aberto pola Xunta presentando case 70 propostas de modificación ademais das reunións citadas anteriormente con responsables da Cooperación Galega. Unha importante parte das propostas foron aceptadas e algunhas das máis relevantes son as que fan referencia á flexibilización normativa (capítulos e anualidades que se aplican aos orzamentos de cooperación) e tamén

ao eido da modernización vinculada a nova axenda de desenvolvemento. Porén, outras achegas importantes quedaron fóra da norma, principalmente ás que solicitaban a incorporación da Coherencia de Políticas na acción exterior galega, concretamente, as iniciativas para asegurar a debida dilixencia das empresas galegas en liña cos Principios de Empresas e Dereitos Humanos da Nacións Unidas. O anteproxecto de lei atópese pendente de trámite de aprobación parlamentaria.



Consellería de Educación

Seguindo o traballo levado a cabo en 2018, avanzamos xunto á Consellería de Educación na posta en marcha dunha formación oficial e específica sobre Educación para a Cidadanía Global dirixida a profesorado de secundaria. Finalmente, o curso tivo lugar en novembro. No apartado de 'Formacións' achegamos todos os detalles.

Consellería de Políticas Sociais

Mantivemos unha reunión coa Secretaria Xeral de Igualdade, Susana López Abella, xunto coas defensoras de dereitos presentes en Galicia, Georgina de los Angeles Molina Rivera e Alicia Valencia Cuetia. No encontro informamos sobre os distintos programas de defensores de dereitos humanos que existen no Estado espa-

ñol e as posibilidades de colaboración co programa europeo Protect Defenders. Neste sentido, acordouse que en 2020 realizarase unha identificación das capacidades de Galicia para poñer un marcha un programa deste tipo.

Por outra banda, en 2019 culminou o traballo que iniciamos en 2018 para incorporar actuacións dirixidas á atención de persoas migrantes, mulleres en campos de persoas refuxiados e mesmo en situacións de tránsito, no marco do Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero. Fíxose un acto público de sinatura con diferentes ONGD.



Parlamento de Galicia

En 2019 centramos o traballo de incidencia nos grupos parlamentarios cunha nova iniciativa: organizar unha viaxe a Guatemala con persoas representantes dos distintos grupos para visitar proxectos de cooperación ao desenvolvemento. O obxectivo da proposta era ofrecer a oportunidade de ver e coñecer de primeira man tanto os contextos onde se desenvolven as iniciativas de cooperación nos que participamos as ONGD galegas como a relevancia destes proxectos para garantir o acceso a dereitos fundamentais de comunidades e grupos de poboación vulnerables.

A Presidencia do Parlamento deu o visto bo á iniciativa e a partir dese momento mantive-

mos varias reunións técnicas coa Secretaría da Presidencia para definir cuestións loxísticas. A previsión era realizar a viaxe en xullo e con ese obxectivo dende a Coordinadora traballamos cunha proposta de itinerario consensuada coas ONGD socias. Porén, o atraso na resolución dos procedementos previos coa Secretaría da Presidencia, pero sobre todo o atraso no envío oficial dos grupos parlamentarios do seu visto bo para que a iniciativa seguira adiante, fixo imposible que se puidera levar a cabo.

O obxectivo é retomar esta iniciativa logo da celebración das eleccións autonómicas previstas en 2020 co obxectivo de que todos os grupos parlamentarios do hemiciclo do Parlamento de Galicia coñezan en mellor a cooperación ao desenvolvemento e o traballo que levamos a cabo as ONGD



Cooperación local

En maio de 2019 celebráronse eleccións municipais en todo o Estado e dende a Coordinadora creamos un documento con 9 propostas concretas para reivindicar a política pública de cooperación local coma unha ferramenta imprescindible para facer fronte aos grandes retos globais: a pobreza, as desigualdades, a crise ecolóxica, os desprazamentos forzados e o auxe dos discurso de odio.

Ao longo dos primeiros meses do ano presentamos as propostas aos partidos de Compostela, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. Mantivemos máis de 25 reunións con todas as candidaturas con representación nos plenos municipais, a maioría coas persoas candidatas á alcaldía, e tres reunións con partidos a nivel galego.

As propostas da Coordinadora Galega de ONGD tiñan por obxectivo dotar á cooperación ao des

envolvemento dos piares básicos que precisa calquera política pública: un orzamento suficiente (0,4%); a transparencia na xestión dos fondos mediante a publicación de convocatorias públicas e en concorrencia competitiva; a posta en marcha de órganos de participación,



consulta e coordinación nos que a sociedade civil teña voz; e unha orientación estratéxica e planificación a longo prazo.

Logo de revisar os programas dos partidos das seis cidades, concluímos que o compromiso dos partidos coa política municipal de cooperación en 2019 aumentou respecto 2015. Aumentou o compromiso tanto a nivel cuantitativo (máis da metade dos partidos recollen compromisos coa cooperación nos seus programas) como a nivel cualitativo. Precisamente, no eido cualitativo deuse unha melloría moi salientable: ata un 33% das candidaturas incrementaron considerablemente a calidade das súas propostas en materia de cooperación e na liña do demandando polas ONGD galegas. Un feito que nos levou a concluír que os actores de política municipal melloraron na derradeira lexislatura o seu coñecemento respecto á cooperación ao desenvolvemento así coma a súa capacidade para facer propostas de calidade para o sector.

Para resumir a aposta de cada partido en cada unha das grandes cidades elaboramos un documento no que incorporamos o resumo das reunións, dos programas electorais e deseñamos un pequeno semáforo por cidade para identificar visualmente os apoios dos partidos á cooperación local.


Unha vez rematadas as eleccións municipais e xa coa conformación de novos gobernos mantivemos reunións con varios dos novos gobernos municipais, en concreto con Lugo, A Coruña e Compostela.o contra a Violencia de Xénero. Fíxose un acto público de sinatura con diferentes ONGD.

Ademais da actividade específica de incidencia política realizada durante as eleccións municipais, e das reunións mantidas cos novos gobernos municipais saídos das urnas, mantivemos a actividade dos últimos anos de achegas ás distintas bases de convocatorias dos concellos.



Fondo Galego de Cooperación ao Desenvolvemento

En 2018, a Coordinadora e o Fondo galego de Cooperación e Solidariedade acordaron elaborar conxuntamente un estudo sobre a cooperación local galega que dea conta da evolución dos últimos catro anos e que servira como ferramenta para promover a incidencia na mellora da política pública de cooperación local. Para iso, quería-se contar co estudo público no primeiro trimestre do ano 2019 aínda que finalmente a entrega adiouse ata finais de ano por distintos motivos. O documento está pendente de publicación e difusión.



XORNADAS E FORMACIÓNS

Formación para profesorado

A maior aposta da Comisión de Educación en 2019 foi seguir adiante coa iniciativa de organizar unha formación dirixida ao profesorado de secundaria sobre Educación para a Cidadanía Global (EpCG) e ofrecela dentro da programación do Centro Autonómico de Formación e Información (CAFI) da Consellería de Educación. Logo dos primeiros pasos levados a cabo coa Consellería, finalmente o curso foi aceptada no programa formativo para o curso 2019-2020 e, a partir dese momento, traballouse co CAFI, a través dunha persoa asesora, para concretar datas, poñentes, horarios e espazos onde desenvolver a formación.

Os obxectivos da formación foron:

- Desenvolver os fundamentos da Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global como proceso socio-educativo encamiñado a xerar conciencia crítica e facer a cada persoa responsable, comprometida e activa coa xustiza social global e a solidariedade.
- Achegar ferramentas, recursos e metodoloxías relacionados coa Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global para poder empregarlos nos centros educativos de secundaria.

- Afondar nas distintas temáticas coas que traballar dende un enfoque de Educación para a Cidadanía Global nas aulas: dereitos humanos, xustiza social, realidades migratorias, consumo responsable, etc.

A formación, de 25 horas, finalmente foi levada a cabo os días 7, 14, 21, 28 de novembro e o 5 de decembro en Santiago de Compostela. Participaron 18 persoas e a nota media da formación foi de 4,6 sobre 5.

Ao longo das 5 sesións participaron 6 poñentes: representantes de 4 ONGD da Coordinadora (ACPP, Amigos da Terra, Solidariedade Internacional e Ecos do Sur), unha representante da USC, Silvana Longueira, e o Comité UNICEF – Galicia. Estas seis persoas, xunto ao resto de membros da Comisión de ED (Agareso, Intered e Mans Unidas) e a Secretaría Técnica da Coordinadora traballaron ao longo de 2019 para desenvolver o contido e as metodoloxías empregadas durante a execución da formación.



Obradoiro de ciberactivismo contra os discursos de odio

En 2018 conformouse o grupo de migracións da Coordinadora. Entre os seus obxectivos tiña o de servir como espacio de reflexión e formación interna. Unha das cuestións que máis preocupaba as entidades que forman parte deste grupo era o auxe de discursos de odio, amparado a nivel político e mediático pero tamén social e a niveis cada vez máis elevados.

Neste sentido, contouse con Ecos do Sur, unha das organizacións do Grupo de Migracións para organizar o obradoiro 'Ciberactivismo, como identificar e combater discursos de odio' que tivo lugar o 21 de marzo na Coruña. Neste espazo de reflexión tratáronse cuestións como que son os discurso de odio; que consecuencias teñen; os choques coa liberdade de expresión; como actuar ante o odio; que mecanismos específicos contra o ciberodio poden darse nas redes sociais; que son e que efectos teñen as narrativas discriminatorias; e como construír e difundir narrativas baseadas nos Dereitos Humanos. En total, participaron 17 persoas de 13 organizacións diferentes.



Curso de avaliación de accións de Educación para o Desenvolvemento

Dende a Comisión de ED identificouse a necesidade de mellorar os coñecementos sobre avaliación de proxectos e iniciativas que as ONGD levan a cabo no marco da EpCG así coma o seu impacto nos procesos de transformación social. Para dar resposta organizouse unha formación dirixida, especialmente, ao persoal técnico das ONGD galegas.

Optouse por unha formación que combinara teoría e práctica, traballando dende exemplos reais e contextualizados na realidade galega. O formador (Pedro Surja) propuxo unha metodoloxía específica para avaliar as accións de EpCG (baseados no modelo de 'avaliación segmentada') tendo en conta a importancia de compatibilizar estes novos enfoques co Marco Lóxico, maioritariamente esixido polos financiadores no Estado español.

A formación levouse a cabo os días 12 e 13 de setembro, tivo unha duración de 11 horas, participaron un total de 22 persoas e obtivo unha avaliación moi favorable por parte das participantes.



COMUNICANDO

En 2019, a Coordinadora deu un pulo moi importante ao traballo de comunicación que levamos a cabo. Aprobouse un Plan de comunicación propio; empezouse a deseñar unha campaña de comunicación propia; adaptáronse as ferramentas de comunicación existentes ás necesidades e incorporáronse outras para medira a eficiencia e o impacto. A continuación expoñemos algunhas.

Plan de Comunicación da Coordinadora

En 2019, a Coordinadora aprobou o seu primeiro Plan de Comunicación para o período 2019-2022. O documento conta con 18 obxectivos que, principalmente, buscan mellorar as ferra-

mentas e a planificación en materia de comunicación interna e externa; orientar a toma de decisións sobre os temas que queremos abordar e a quen os dirixiremos; posicionar á Coordinadora como entidade referente en cooperación tanto nos medios como nas redes sociais; e ampliar a colaboración con outras entidades e persoas no eido da comunicación.

Campaña de comunicación propia

Un dos obxectivos que se marcaron no novo plan de comunicación da Coordinadora foi o deseño e posta en marcha dunha campaña de comunicación propia para os vindeiros tres anos. Será unha campaña paraugas na que terán cabida todas as actividades e posi-



Símbolo

Tamén coñecido como signo gráfico. É o elemento non verbal icónico



cionamiento que fagamos como Coordinadora. A campaña lanzarase en 2020 e será avaliada cada ano e, en función dos resultados, marcarase a planificación para o ano seguinte.


As últimos tres meses do ano, e co acompañamento de CIPÓ Company, deseñouse unha idea creativa para a campaña. O primeiro paso do proceso foi a elaboración dun breafing por parte da Coordinadora onde se estableceron os principais obxectivos que se pretenden acadar. A campaña terá por obxectivo poñer en valor a cooperación ao desenvolvemento e chegar a grupos de poboación sensibles e comprometidos coas temáticas sociais.

Comunicación externa

A comunicación externa é imprescindible para trasladar á cidadanía as nosas posicións e propostas; narrar con rigor os asuntos que nos preocupan e ocupan; e informar sobre o que estamos a facer nos distintas liñas de traballo. En 2019, traballos nas seguintes liñas:


Protocolo de Identidade Visual

Coa vontade de homoxeneizar todas as ferramentas e canles comunicativos, elaborouse un Manual de identidade corporativa da Coordinadora. Tras un proceso meditado de análise, desenvolvemento e estudo do conxunto de valores e crencias da Coordinadora, recolléronse aquí os elementos constitutivos de identidade.



Os elementos básicos que constrúen a marca son: unha tipografía determinada (logotipo) e a imaxe ou recurso gráfico que a acompaña (símbolo).

Tamén se elaborou un Manual do universo de marca que recolle as pautas para aplicar imaxes, iconas, textos, etc. nunha publicación ou outro tipo de medio. Unha guía onde se establecen as preferencias dunhas normas sobre outras. O obxectivo é tipificar, harmonizar, estandarizar e unificar criterios.



Web galiciasolidaria.org

En 2019 seguiuase consolidando a mellora da páxina web da Coordinadora, o espazo online de referente das ONGD en Galicia. Logo dos cambios levados ata 2018, en 2019 centráronse os esforzos en coñecer e analizar o tráfico web da páxina; adaptar a web para facilitar a navegación ás persoas usuarias e en incorporar contidos estáticos e dinámicos para promover un maior acceso. Dende a web enviábase de forma periódica o newsletter #GaliciaSolidaria a máis de 500 persoas subscritas.



A COORDINADORA ▾ ACTUALIDADE ▾ ONGD INTEGRADAS ▾ QUE FACEMOS? ▾



Datos que deixa 2019

Sobre Dereitos Humanos, violencia de xénero, crisis climática e distintos temas que as ONGD traballamos xunto a outras organizacións socias dos países do Sur.

Presencia en medios de comunicación

Ter presenza de calidade nos medios de comunicación galegos é unha das liñas de traballo que se quere reforzar co novo Plan de comunicación. En 2019, seguíuse traballamos para difundir os temas sobre os que queríamos falar así coma as actividades que organizabamos. Os principais temas polos que tivemos presenza nos medios foron:

- presentación do 'Informe da Coordinadora Galega de ONGD 2018. As traballo das ONGD galegas no mundo
- propostas electorais da Coordinadora en materia de cooperación local no marco das eleccións municipais
- sinatura do convenio coa Xunta de Galicia

da man do Vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda.

- difusión do programa Compostela + Solidaria 2019
- convenios de acción humanitaria das ONGD coa Consellería de Políticas Sociais da Xunta no marco do Pacto de Estado contra a Pobreza
- presenza de dúas defensoras de dereitos en Galicia no marco do programa co convenio coa Deputación de Pontevedra
- actividades de difusión do comercio xusto na provincia de Pontevedra no marco do programa co convenio coa Deputación de Pontevedra



A Revista Fin de Semana

A Revista FDS

09/03/2019 12:23 h



- aprobación do Plan Anual 2020 de cooperación ao desenvolvemento
- día do voluntariado

En total, acadáronse 82 impactos comunicativos en televisión, radio e en prensa escrita e dixital: unha media dun impacto cada 4 días. Para logralo, convocáronse 3 roldas de prensa; e mandáronse 13 notas de prensa, comunicados e previsións informativas de temáticas diversas. En total, concedéronse 17 entrevistas.

Comunicación interna

Informar ás ONGD socias das novas de interese relevantes para a planificación das actividades das ONGD socias: convocatorias, plans anuais, aprobación de orzamentos, novidades do sector, formacións de interese que se realicen en Galicia ou no resto do Estado, e calquera outra noticia relevante do sector. En 2019, en total mandáronse 39 comunicados internos ademais doutras comunicacións por vía postal a requirimento das entidades e ou por iniciativa da Coordinadora.



Directo

Santiago

Movidos por un mundo máis inclusivo



Análise política

O traballo de análise política, descrito ao longo deste documento, garante a valoración das propostas políticas que se levan a cabo no eido da cooperación ao desenvolvemento dende o ámbito local, autonómico, estatal e tamén sectorial. Este traballo, composto por múltiples achegas dos grupos de traballo que temos en marcha, a Coordinadora Estatal de ONGD e a Rede de Coordinadoras Autonómicas é imprescindible para elaborar e construír análises que promoven a incidencia e a transformación política a favor da xustiza social e os dereitos humanos. Destacan en 2019 o documento con 9 propostas concretas para reivindicar a política pública de cooperación local no marco das eleccións autonómicas; as chegadas e reflexións vinculadas ao proceso de elaboración do anteproxecto de Lei de Acción Exterior; o documento de reflexión e proposta para un programa de defensoras de dereitos en Galicia; e o estudo de cooperación local en Galicia.



TRANSPARENCIA

Ferramenta de transparencia e bo goberno

No ano 2009, a Comisión de Normativa propuxo como instrumento de seguimento e cumprimento do Código de Conduta da Coordinadora a adopción da ferramenta de transparencia e bo goberno da Coordinadora Estatal de ONGD. Esta ferramenta foi deseñada coma unha relación de indicadores obxectivamente verificables que, acompañada dunha metodoloxía de uso, permite verificar o grao de transparencia e bo goberno das ONGD e da propia Coordinadora. Por un lado, esta iniciativa quere ter un enfoque promotor da transparencia e o bo goberno entre as ONGD membro e, polo outro, supón un exercicio público de rendición de contas.

Na Asemblea Extraordinaria de 2015 aceptouse aplicar a ferramenta desenvolvida a nivel estatal en Galicia. A Comisión elaborou un Elemento Regulador para poder regular este proceso de implantación, nel aparecen os tempos precisos para que tódalas ONGD da Coordinadora Galega teñan pasado e aprobado os Indicadores. Porén, dende o ano 2015 a aplicación obrigatoria tivo que pospoñerse nun par de ocasións e en 2019 modificase o calendario para garantir máis tempo para a adaptación aos novos requi-


sitos incorporados. Así adiouse 5 anos o seu cumprimento e ata 2025 non será obrigatoria a avaliación con firma auditora externa.

Aínda así, ao longo do ano dende a Comisión de Normativa animouse e motivouse ás ONGD membro, como en anos anteriores, a sumarse ao proceso de implantación da Ferramenta de Transparencia e Bo goberno. A Comisión realizou durante todo o ano o acompañamento ás ONGD para analizar ás organizacións nos distintos ámbitos que abrangue a ferramenta e así propoñer os cambios precisos para a mellora no funcionamento da propia ONGD. O acompañamento consistiu na revisión da documentación aportada polas ONGD voluntarias na visita de sedes, etc co obxectivo de analizar problemas e solucións a nivel individualizado. En 2019, 7 ONGD iniciaron o proceso de revisión e adaptación á ferramenta de transparencia e bo goberno.



A Coordinadora en cifras

32 Reunións internas



96 Reunións externas



Formación e espacios de reflexión




Comunicación interna



Comunicación externa



Redes sociais



Balance abreviado 2019

ACTIVO	2019	2018
A) ACTIVO NO CORRIENTE	4.029,79	3.974,69
I. Inmovilizado intangible	1.591,57	2.498,17
5. Aplicaciones informáticas	1.591,57	2.498,17
III. Inmovilizado material	961,7	0
2. Instalaciones técnicas y otro inmovilizado material	961,7	0
V. Inversiones en entidades del grupo y asociadas a largo plazo	575,00	575,00
3. Valores representativos de deuda	575,00	575,00
VI. Inversiones financieras a largo plazo	901,52	901,52
1. Instrumentos de patrimonio	901,52	901,52
B) ACTIVO CORRIENTE	20.752,28	20.005,47
IV. Deudores comerciales y otras cuentas a cobrar	10.300,00	9.300,00
3. Deudores varios	300,00	300,00
6. Otros créditos con las administraciones públicas	10.000,00	10.00,00
VIII. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes	10.452,28	10.705,47
1. Tesorería	10.452,28	10.705,47
TOTAL ACTIVO (A + B)	24.782,07	23.980,16

PASIVO	2019	2018
A) PATRIMONIO NETO	20.142,11	19.985,06
A-1) Fondos propios	20.142,11	19.985,06
I. Dotación fundacional/Fondo social	5.000,00	16.287,53
1. Dotación fundacional/Fondo social	5.000,00	16.287,53
II. Reservas	12.667,45	1.379,92
2. Otras reservas	12667,45	1379,92
III. Excedentes de ejercicios anteriores	2.317,61	3.600,78
1. Remanente	9.162,89	9.162,89
2. (Excedentes negativos de ejercicios anteriores)	-6845,28	-5.562,11
IV. Excedente del ejercicio	157,05	-1.283,17
B) PASIVO NO CORRIENTE	0	0
B) PASIVO CORRIENTE	4.639,96	3.995,10
V. Beneficiarios - acreedores	83,02	0
VI. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar	4.556,94	3.995,1
3. Acreedores varios	0	-303,89
6. Otras deudas con las administraciones públicas	4.556,94	4.298,99
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A + B + C)	24.782,07	23.980,16

Conta de resultados abreviada 2019

CONTA DE RESULTADOS	2019	2018
A) Operaciones Continuas		
1. Ingresos de la actividad propia	111.433,47	110.869,06
a) Cuotas de asociados y afiliados	10.350,00	10.050,00
d) Subvenciones imputadas al excedente del ejercicio	101.083,47	100.819,06
2. Ventas y otros ingresos de la actividad mercantil	15.330,00	14.900,00
3. Gastos por ayudas y otros	-880,00	-780,00
a) Ayudas monetarias	-880,00	-780,00
7. Otros ingresos de la actividad		281,50
8. Gastos de personal	-83.337,21	-82.338,36
a) Sueldos, salarios y asimilados	-63.350,32	-62.585,76
b) Cargas sociales	-19.986,89	-19.752,60
9. Otros gastos de la actividad	-41.318,41	-43.308,77
a) Servicios exteriores	-41.314,19	-43.296,26
b) Tributos	-4,22	-12,51
10. Amortización del inmovilizado	-1070,80	-906,60
A.1) EXCEDENTE DE LA ACTIVIDAD (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	157,05	-1.283,17
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPUESTOS (A.1+A.2)	157,05	-1.283,17
A.4) EXCEDENTE DEL EJERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIONES CONTINUAS (A.3+19)	157,05	-1.283,17
B) Operaciones Interrumpidas		
A.5) Variación de patrimonio neto reconocida en el excedente del ejercicio (A.4+20)	157,05	-1.283,17
C) Ingresos y Gastos imputados directamente al patrimonio neto		
D) Reclasificaciones al Excedente del ejercicio		
E) Variaciones de Patrimonio Neto por ingresos y gastos imputados directamente al patrimonio neto (C.1+D.1)		
F) Ajustes por cambios de criterio		
G) Ajustes por errores		
H) Variaciones en la Dotación Fundacional o fondo social		
I) Otras variaciones		
J) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DEL PATRIMONIO NETO EN EL EJERCICIO (A.5+E+F+G+H+I)	157,05	-1.283,17



memoria de **ACTIVIDADES** 2019